



Vigo pesqueiro

VISITAS GUIADAS
A NOSA PRIMEIRA INDUSTRIA




CAMPAMENTOS VERÁN VIGO PESQUEIRO 1 DE XULLO - 9 DE AGOSTO (4-14 ANOS)

+INFO: INFO@VIGOPESQUEIRO.COM

VISITAS A NOSA PRIMEIRA INDUSTRIA +34 986 433 844 (EXT.8) / 671 45 95 49

WWW.FUNDAMAR.ORG WWW.VIGOPESQUEIRO.COM



QUE É VERÁN VIGO PESQUEIRO?



Verán Vigo Pesqueiro, é un programa de ocio divulgativo dirixido a dar a coñecer o medio mariño e portuario de Vigo a infancia dende os 4 aos 14 anos.

O obxectivo deste programa de verán é desfrutar das vacacións á vez que aprendemos un feixe de cousas sobre a relación entre a nosa cidade e o mar; porque **aprender tamén é divertido!**

Para isto contaremos cada día cunha actividade divulgativa diferente coa que aprender algo novo, sempre amenizadas mediante o xogo, para facelo dun xeito directo e interactivo que fomente o coñecemento dende unha perspectiva positiva e de entretemento.

QUE PROPOÑEMOS?

25
PRAZAS

80€
UNHA SEMANA

140€
DÚAS SEMANAS

10% DESCUENTO
IRMÃNS



Desde a Fundación para la pesca y marisqueo -FUNDAMAR, promotor do programa **Verán Vigo Pesqueiro**, realizaremos xornadas lúdicas marítimo pesqueiras para público infantil.

As actividades están dirixidas á infancia de 4 a 14 anos e realizaranse en horario de mañá, de 9 a 14h, durante todas as semanas de xullo e a primeira de agosto coa opción de anotarse por semana cun prezo de 80 ou en pack de dúas por 140

SEMANA 1

1-5 DE XULLO

SEMANA 2

8-12 DE XULLO

SEMANA 3

15-19 DE XULLO

SEMANA 4

22-26 DE XULLO

SEMANA 5

29 XULLO - 2 AGOSTO

SEMANA 6

5-9 DE AGOSTO

QUE PROPOÑEMOS?

25
PRAZAS

80€
UNHA SEMANA

140€
PACK
DÚAS SEMANAS

10% DESCUENTO
IRMÁNS

4-14
ANOS

ACTIVIDADES



II CAMPAMENTO VERAN VIGO PESQUEIRO

01 DE XULLO AO 09 DE AGOSTO
09H-14H

1ª SEMANA

2ª SEMANA

BERBÉS
ESPADACHÍNS
DE ALTURA

CANIDO
TRIPULACIÓN
PLANETA

BOUZAS
ALGARIO

BERBÉS
20.000 LEGUAS DE
VIAXE SUBMARIÑA

BERBÉS
VERAN PESQUEIRO
CON SALEIRO

BOUZAS
A TODA VELA

VAO
CONTACTOS
E ORIGAMI

BERBÉS
ENLEANDO O
TEMPO

CANIDO
XINCANA MARIÑA

CANIDO
NA BUSCA DA
ESCAMA DOURADA



QUE PROPOÑEMOS?



Descrición das actividades propostas:

- **ESPADACHÍNS DE ALTURA**

Descubriremos un dos grandes e curiosos habitantes do mar, o peixe espada. Visitaremos a lonxa para poder ver de preto a estes animais e aprender moito sobre eles coas persoas que traballan día a día con estes exemplares.

- **TRIPULACIÓN PLANETA**

Tomaremos conciencia do perigo que supón o lixo mariño para a vida do planeta e aprenderemos todo o necesario para ser quen de salvalo. Visitaremos unha praia para ver de primeira man os efectos da contaminación, coñecer as súas causas e como nos podemos ser parte da solución.

- **VERÁN PESQUEIRO CON SALEIRO**

Nun percorrido pola nosa cidade coñeceremos un importante fito histórico que moitos/as descoñecemos: *o tesouro salgado de Vigo* que fixo que o Imperio Romano desenvolvese grandes infraestruturas na nosa contorna.

- **A TODA VELA**

Vogaremos polas diferentes embarcacións tradicionais que temos en Galicia, aprendendo a diferenciar os distintos tipos que hai así como coñecer as características que as fan únicas, para converternos en especialistas.

- **XINCANA MARIÑA**

A través das distintas probas daranse a coñecer conceptos sobre a morfoloxía dunha praia, as características da area, a importancia do Ph do mar para a vida e a actividade humana que hai arredor da zona costeira.

QUE PROPOÑEMOS?



Descrición das actividades propostas:

- **ALGARIO**

Nunha ruta pola contorna costeira de Bouzas e Alcabre recolectaremos as diferentes algas que atopemos nas praias para que con axuda dunha guías poidamos identificar as distintas especies. Por último descubriremos como facer un algario e iniciar a nosa propia colección de algas.

- **20.000 LEGUAS DE VIAXE SUBMARINA**

A través dunha singradura que nos levará por distintos puntos da nosa cidade adentrarémonos na relación que une a Vigo con Julio Verne.

- **ENLEANDO O TEMPO**

Unha figura emblemática do mundo do mar son as redeiras. Con esta actividade queremos dar a coñecer, en primeira persoa, esta profesión artesanal tan característica da nosa cultura.

- **CONTACONTOS E ORIGAMI**

A través das aventuras das protagonistas do conto, a rabada Raspiña e a raia Shu, contaremos o papel das mulleres no sector do mar na Ría de Vigo e ademais desenvolveremos as habilidades manuais cun obradoiro de origami de animais mariños.

- **NA BUSCA DA ESCAMA DOURADA**

Mediante a combinación de xogos físicos e de habilidade, o grupo debe resolver un misterio, polo que o traballo colaborativo será fundamental. Ademais a medida que superen as probas aprenderán sobre as especies máis capturadas na Ría Vigo, as zonas de pesca e as técnicas artesanais empregadas.

FUNDAMAR

Fundación para la Pesca y el Marisqueo

VERÁN VIGO PESQUEIRO
DO 1 DE XULLO AO 8 DE AGOSTO DE 9H A 14H
(4-14 ANOS)



Vigo pesqueiro
VISTAS GUIADAS
A NOSA PRIMEIRA INDUSTRIA

+INFO: INFO@VIGOPESQUEIRO.COM

VISTAS A NOSA PRIMEIRA INDUSTRIA +34 986 433 844 (EXT.8) / 671 45 95 49

WWW.FUNDAMAR.ORG WWW.VIGOPESQUEIRO.COM

